

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO
COLEXIO LA SALLE





PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO
COLEXIO LA SALLE

Novembro de 2018

Aprobado polo Director do Centro o 26 de novembro de 2018.

Notificación ao Consello Escolar o 12 de decembro de 2018.

Índice

1. QUEN SOMOS.....	3
2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA DO CENTRO, INSTALACIÓNS E CARACTERÍSTICAS SOCIO-CULTURAIS DO ALUMNADO.....	5
3. VALORES, OBOECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN. CARÁCTER PROPIO	13
3.1. Proposta de educación en valores.....	13
3.2. Estilo pedagóxico	15
4. CONCRECIÓN DO CURRÍCULO	19
4.1 Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía	19
4.2 Adecuación dos obxectivos das etapas	23
4.3 Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes	28
4.4 Tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas	32
4.5 Criterios xerais sobre avaliación e promoción do alumnado.....	33
4.6 Plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.....	35
4.7 Actividades alternativas para o alumnado que non curse Relixión	37
4.8 Liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación	37
4.9 Liñas xerais da acción tutorial.....	38
4.10 Liñas xerais de atención á diversidade	38
4.11 Liñas xerais do Plan de convivencia.....	39
4.12 Liñas xerais do Proxecto lingüístico e TIL.....	40
4.13 Liñas xerais do Plan de integración das TIC	45
4.14 Liñas xerais do Proxecto lector do centro	49

1. QUEN SOMOS

As obras educativas La Salle reciben o seu nome de san Xoán Bautista de La Salle quen, a finais do século XVII, se asociou cuns mestres para manter escolas dedicadas aos nenos pobres. Con eles fundou o Instituto dos Irmáns das Escolas Cristiás.

Grazas a aquelas intuicións primeiras e ao gran amor despregado por miles de educadores que se inspiran na vida de Xoán Bautista de La Salle, actualmente, en máis de 80 países, un millón de nenos e mozos reciben o gran beneficio da educación en obras educativas La Salle. No Distrito ARLEP (España e Portugal), 78.000 nenos/as e mozos/as repartidos en 120 obras educativas participan no Proxecto Lasaliano.

Toda obra educativa La Salle traballa en rede coas demais obras que comparten o mesmo proxecto.

O Colexio La Salle comeza a súa actividade docente en Santiago no ano 1953, e dende aquela segue realizando o seu labor educativo. . O Centro caracterízase por levar a cabo unha educación de inspiración cristiá e católica onde se procura unha formación relixiosa que propicie o diálogo fe-cultura e se crea un ambiente que posibilite celebrar a fe. Opta, polo tanto, por un modelo educativo aberto á transcendencia, cre no valor transformador da relixión e ofrécese como servizo á maduración do educando mediante a creación dun ambiente de fraternidade e de amizade, de apertura a todos especialmente aos máis necesitados.

O Colexio La Salle potencia as relacións interpersoais onde o alumnado é o centro do noso interese, a proximidade e entendemento entre profesorado e alumnado é básico na educación de La Salle, os/as profesores/as están dispoñibles para as relacións coas familias e onde existe un grande interese por incrementar a comunicación entre os membros da Comunidade educativa. No colexio La Salle existe clara intención de ofrecer un ensino de calidade, por iso se fan esforzos significativos na formación e actualización do profesorado, tanto en programas de innovación educativa como de uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

Desde a súa fundación pasaron polo colexio milleiros de alumnos, centos de relixiosos (Irmáns de La Salle) e moitísimos profesores segrares. O colexio conta con case 1400 alumnos, máis de 80 profesores e unha comunidade de irmáns de La Salle.

O colexio La Salle de Santiago de Compostela é un centro privado de iniciativa social creado de acordo co dereito recoñecido no artigo 27.6 da Constitución Española e explicitado nos artigos

21 e 57 da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xuño, reguladora do Dereito á Educación (LODE). Quedou autorizado como centro de educación o 15 de xuño de 1964, coa denominación “Colegio La Salle”, titularidade dos Irmáns das Escolas Cristiás. Ten o código n.º 150156031S no rexistro da Dirección Provincial de Educación da Coruña e goza da personalidade xurídica que lle outorgan as leis.

No noso centro impártense todos os niveis desde segundo ciclo de educación infantil (3 anos) ata 2º de bacharelato (18 anos), aollendo actualmente case 1400 alumnos repartidos en 9 aulas de educación infantil, 18 aulas de educación primaria, 16 aulas de educación secundaria e 8 aulas de bacharelato, das modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais. Conta con amplas instalacións e uns medios e recursos adecuados, que se van actualizando e mellorando decote.

O centro está aollido ao réxime de concertos regulado polo título IV da LODE, no Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos aprobado polo R.D. 360/1997, de 15 de marzo, e nas súas normas de desenvolvemento. Os últimos concertos establecidos entre a Consellería de Educación da Xunta de Galicia e o Titular do colexio La Salle están regulados pola Orde do 22 de febreiro de 2002 (DOGA 3 de abril de 2002).

O colexio La Salle de Santiago é un centro de interese social segundo o Decreto 1238/1969 (BOE do 24/6/69).

A entidade titular (Irmáns das Escolas Cristiás) está rexistrada no Rexistro de Entidades Relixiosas do Ministerio de Xustiza co n.º 1193-g/2-SE/B con data 5 de xullo de 1982, e co número de identificación fiscal R-4700294-D. Así mesmo áchase inscrita conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal no ficheiro da Axencia Española de Protección de Datos.

2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA DO CENTRO, INSTALACIÓNS E CARACTERÍSTICAS SOCIO-CULTURAIS DO ALUMNADO

O colexio La Salle, emprazado na localidade de Santiago de Compostela, sitúase na praza San Xoán Bautista de La Salle 1, moi próxima á zona vella da cidade e inserida no zona histórica. A súa localización fai deste un centro ben comunicado no que se refire a medios de transporte e servizos.

Dispón dos seguintes recursos espaciais:

- Biblioteca. Dotada de libros de consulta e lectura, con capacidade para unhas 100 persoas. Dispón dun Plan de Biblioteca con servizo de empréstamo, con subscrición a revistas científicas e de lecer, arquivo e documentais, dicionarios... Consta, ademais, de ordenadores con conexión a internet, para o seu emprego como ferramenta didáctica. Está dividida en seccións: de traballo, de lectura, de andeis e de ordenadores.
- Ludoteca. Ofrece servizo de madrugadores polas mañás e ludoteca polas tardes. Para nenos de infantil e primeiro ciclo de primaria.
- Distintas aulas dotadas con material específico como canóns, DVD, vídeo, pantallas dixitais, taboleiros, internet etc.
- Tres aulas de informática equipadas con ordenadores con acceso a internet.
- Aulas de tecnoloxía equipada con ordenadores con acceso a internet
- Aulas de música.
- Aula de psicomotricidade.
- Laboratorios de Física, Química e Bioloxía.
- Aula de Debuxo Técnico.
- Aulas de EPVA (unha por etapa).
- Departamento de Orientación: un equipo de orientación encárganse de dar apoio no proceso de ensino-aprendizaxe, centrado na atención á diversidade, asesoramento e apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais, orientación académica e profesional...
- Salón de actos, cun aforo dunhas 780 persoas e dotado de canón, pantalla, vídeo, sistema de megafonía e equipo de música.
- Patio exterior con pista de atletismo, seis campos de deportes múltiples e zona de xogo delimitadas para todo tipo de actividades.
- Pavillón polideportivo.

- Campo de fútbol 7.
- Parque infantil exterior.
- Servizo de reprografía.
- Servizo de cafetería e máquinas expendedoras de produtos saudables e bebidas.
- Servizo de enfermería.
- Comedor escolar con elaboración do menú nas propias instalacións.
- O centro conta con accesibilidade de alumnado con minusvalías.
- Patio cuberto.
- Servizo de recepción.
- Despachos de atención personalizada para a atención ás visitas e entrevistas necesarias.
- Aulas de conferencias e exames para 120 e 65 persoas respectivamente.
- Dúas aulas de audiovisuais.
- Salas para a educación no tempo libre e grupos de alumnos de reflexión e formación en valores.

Despois dun estudo estatístico descritivo dos datos de matrícula actualizados a data de setembro de 2018, vemos que a porcentaxe total do alumnado que reside no Concello de Santiago de Compostela ascende ao 79% do total. O 21% restante repártese principalmente nos concello de Ames (8,68%), Teo (6,29%), Brion (1,65%), Oroso (1,59%), Vedra (0,36%) e Touro (0,24%). Esta situación dá conta de cambios de residencia por parte das familias do alumnado ao longo da súa escolarización respecto á matrícula inicial en ed. infantil. Estes cambios teñen como referencia a zona de influencia do centro, tanto única como propia, así como a asignación de parroquias como zona de influencia á marxe da establecida. Tamén hai que ter presente a oferta educativa por parte do centro en bacharelato, completamente privado e que abre a posibilidade á matriculación de alumnado de calquera zona xeográfica de Galicia.




Fig. 1 Visualización da matrícula de ed. infantil do centro.

Traballando os datos de forma segmentada por etapas, no caso de educación infantil teríamos a figura 1. Este gráfico da conta de que nos atopamos ante a etapa máis cohesiónada de todo o centro respecto ao ámbito de procedencia, xa que maioritariamente atópase na zona urbana e dentro do Concello de Santiago. Así, temos neste concello un 92%, é moi puntual o alumnado do concello de Ames cun 3.65 % e Teo cun 2,28%.

No caso da etapa de educación primaria a situación é máis diversa, tal e como podemos ver na figura 2. O total de alumnado en Santiago descende ao 83%, aumentando Ames ao 6,89%, Teo cun 5,32% e Brión con 1%.

A situación en ed. secundaria visibilízase na figura 3. O peso segue localizándose de forma fundamental no concello de Santiago pero a porcentaxe total de alumnado baixa ao 72,23%. No caso dos concellos limítrofes atopámonos cun 11% para Ames, 9,48% no caso de Teo e Brión cun 2,28%.




Fig. 2 Visualización da matrícula de ed. primaria no concello de Santiago.




Fig.3 Visualización da matrícula de ed. secundaria en Galicia.

Finalmente temos o caso do bacharelato na figura 4. Neste caso os datos mostran o maior nivel de diversificación por lugar de procedencia de todo o centro. Diso dá conta que só o 64,54% o alumnado procede do concello de Santiago. Este dato supón unha repartición moi variable en diferentes localidades. Seguimos contando con concellos limítrofes, caso de Ames cun 13,18% da matrícula, Brión e Oroso cun 4,09% e Oroso cun 1,81%. Pero tamén temos que ter presentes moitas outras localidades que completan a matrícula e de moi diversa procedencia: Silleda, Touro, Tordoia, Zas, Pobra do Caramiñal, Santa Comba, Coristanco, Bembibre, A Estrada ou Cabana de Bergantiños.

Aínda que pola política actual da Lei de protección de datos non temos a posibilidade de usar características socioeconómicas do alumnado como profesións dos pais ou titores legais, renda etc., si podemos tomar en consideración os valores de renda media da contorna onde se insere o alumnado para poder ter referencias xerais de contextualización. Os datos de renda máis próximos no tempo dispoñibles do ano 2016, indícanos que a renda media en Galicia sitúase nos 21.394€,¹ sendo a de Santiago de Compostela superior, da orde dos 26.213 €. Nos concellos próximos ao de Santiago, os datos medios indican que no caso de Ames estamos a falar de 24.017€, Teo con 25.259€, Brión con 22.553€, no caso de Oroso con 20.000€, Vedra 18.174€ e finalmente Touro con 15.127€. Non esquezamos que se trata de datos medios do concello de procedencia.




Fig. 4 Visualización da matrícula de bacharelato en Galicia.

O conxunto da poboación da cidade sitúase ao redor de 96.000 persoas². O paro a data de setembro de 2018 atópase no 12,56%, vindo dun pico do 21% no ano 2012. O sector económico principal da zona é o sector servizos, polo peso da administración autonómica e a Universidade³. Non é unha zona que se caracterice polo seu dinamismo económico, liderado na comunidade autónoma nos polos da Coruña e Vigo⁴, con moi pouco peso do ámbito industrial na zona, situándose no 16% cando no ámbito autonómico a media sitúase no 19%. Sorprende o peso do sector primario, en torno ao 8% cando a media sitúase na comunidade no 5%. A proxección destes datos na realidade do alumnado, pola situación do concerto provocan que podamos definir o seu nivel socioeconómico como medio. Debido á oferta totalmente privada do bacharelato prodúcese un desprazamento desta situación media cara a media-alta. Os datos dos que se dispoñía antes da entrada da nova Lei de protección de datos indícanos tamén a relación entre este nivel socioeconómico cun nivel de estudos máis alto, tendente á superación dos estudos superiores, sen que esta situación poida entenderse como xeneralizable a todo o conxunto. Por outra banda, aínda

¹ <https://elpais.com/especiales/2016/renta-per-capita-municipios-espana/tabla.html>

² <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2868>

³ <https://www.lavanguardia.com/vida/20170209/414183117201/la-industria-en-la-comarca-de-santiago-tiene-un-peso-muy-por-debajo-de-la-media-gallega-y-el-club-financiero-pide-actuar.html>

⁴ https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/abegondo/2017/11/06/motor-economico-galicia/0003_201711H6C4991.htm

que as taxas globais de alumnado inmigrante na cidade son baixas, aumentou a escolarización de alumnado destas características no centro.

A estes datos temos que sumar dous estudos realizados nos últimos dous anos no centro e que ofrecen datos a ter en conta respecto ás características do alumnado. Un primeiro estudo sobre a lingua principal utilizada no fogar desenvolvido pola alumna de Prácticum do Grao de Mestre en Ed. Primaria, Antía Cores e un segundo estudo achega do uso das tecnoloxías dixitais por parte do alumnado, tamén por alumna de Prácticum Tania Muñiz, en ambos os casos con supervisión do profesor do centro Fernando Fraga.




Gráfico 1. Porcentaxe de familias que responden a enquisa por nivel de ed. primaria

Os datos deste gráfico 1 extraírense dos ítems 3 ao 7, os cales fan referencia á lingua que maioritariamente se utiliza no fogar dos alumnos e alumnas de educación primaria, tanto a que empregan eles e elas como a das súas familias. Como observamos, a lingua predominante en todos os casos é o castelán xa que o 38,25% dos pais falan unicamente nesta lingua cos seus fillos ou o 38,25% dos pais utilizan máis o castelán que o galego. Coas nais ocorre unha situación semellante, o 44,81% utiliza só o castelán e o 41,26% máis castelán que galego. En canto á lingua que empregan os alumnos e alumnas no seu fogar, os datos son aínda máis claros xa que o 94,81% fala ou unicamente en castelán ou máis en castelán que en galego. Como vemos, o alumnado procede de familias que teñen como lingua materna e vehicular o castelán e nas que o galego xeralmente se utiliza nunha proporción moito menor.




Gráfico 2 Datos acerca da lingua empregada no tempo de ocio polo alumnado

En canto a lingua que utiliza o alumnado nas súas saídas ao parque, no tempo de xogo no colexio etc., coa finalidade de coñecer o idioma que empregan cando están “entre iguais”, podemos ver o gráfico 2. Os resultados desta pregunta son curiosos xa que o galego case é inexistente. Tan só un dos 366 que responderon ao cuestionario fala só galego e unicamente 3 alumnos e alumnas falan máis galego que castelán. Como vemos, a baixa presenza do galego do anterior gráfico redúcese ata case desaparecer na lingua que emprega o alumnado no tempo de ocio. Por tanto, os escasos alumnos e alumnas que empregan galego (ou máis galego que castelán) cos seus pais e coa súa familia, cambian de lingua e pasan a castelán para relacionarse cos seus compañeiros e compañeiras.

Os datos que se amosan neste estudo permiten concluír que se precisa poñer en marcha mecanismos de compensación desta situación para garantir un equilibrio na adquisición das linguas oficiais e favorecer un axeitado nivel de competencia lingüística xeral debido á situación que se reflicte.

No segundo estudo trátase de facer unha panorámica acerca da presenza e uso por parte do alumnado das tecnoloxías dixitais. Como se pode observar no gráfico 1 que se presenta a continuación, o 95,94% do alumnado posúe conexión á rede no seu fogar, sendo unha porcentaxe bastante significativa e o 41,41% afirma conectarse diariamente. Desta forma, podemos observar que o alumnado ten facilidade para acceder á rede, polo que é importante que os seus pais estean en alerta e controlen o uso que fan os seus fillos e fillas da rede. Neste sentido, o 73.98% do alumnado afirma que os seus pais limitan o horario e tempo de uso da rede.




Gráfico 1. Relación do alumnado (8-13 anos) coa rede

Aínda que o estudo traballa por niveis de forma diferenciada facemos incorporación dos datos de sexto de ed. primaria para poder sintetizar a situación. A modo de resumo os catro cursos coinciden os medios tecnolóxicos con maior índice de porcentaxe que o alumnado ten como propiedade, salientando neste caso a videoconsola (sendo a media o 65,25%), a videoconsola portátil (a media é o 63,60%) e máis a tablet (tendo como media o 82,26%). Tamén se pode mencionar que no sexto curso o 53,33% do alumnado posúe móbil.




Gráfico 2. Propiedade dos dispositivos electrónicos do alumnado de 6º curso

Con relación á idade na que o alumnado accedeu a estes dispositivos como propios cabe facer unha media desta entre os resultados dos catro cursos: a propiedade da videoconsola conta cunha media do 6.65 anos, a videoconsola portátil un 6.82, o ordenador de sobremesa un 7.75, o ordenador portátil un 7.76, a tablet un 6.71 e o móbil ten unha media do 8,41. Polo tanto, a idade

na que o alumnado obtivo estes dispositivos como propios oscila entre os 6 e os 8 anos. Non obstante, hai que diferenciar entre a idade na que posuíron estes medios tecnolóxicos e a idade á que utilizaron por primeira estes, que é moito máis temperá.

O caso do móbil é un caso particular, pois sofre notables variacións de cara ao último curso de educación primaria, respecto aos demais. Para iso, deseguido vaise presentar unha gráfica na que se analice o uso deste dispositivo no curso de sexto. Pódese apreciar que de luns a xoves predomina unha media do 59,26% do alumnado que utiliza o móbil menos dunha hora. Non obstante, obsérvase como de venres a domingo unha media do 47,48% utiliza o móbil menos dunha hora e unha media do 23,74% (chegando a triplicarse estes datos respecto aos días entre semana) o usa entre unha e dúas horas. Ademais, existe unha diferenza notable entre a semana e máis a fin de semana, pois chega a duplicarse a cantidade de alumnado que utiliza este dispositivo durante máis de tres horas, ascendendo a unha media do 15% deste.




Gráfico 3. Tempo de uso do móbil no sexto curso de educación primaria

No ámbito académico os pais e nais en xeral adoitan apoiar o labor educativo do colexio. Están contentos co labor do profesorado. En xeral son participativos e implícanse na acción educativa dos seus fillos e fillas favorecendo a aprendizaxe e a seriedade nos estudos. Isto maniféstase na asistencia maioritaria ás reunións con eles, no dinamismo que ten a ANPA e no elevado número de entrevistas persoais que ten o profesorado coas familias.

O noso alumnado estima o colexio e ten un considerable sentido de pertenza. Son próximos, respectuosos, e receptivos e non adoitan ser conflitivos. O ambiente é bo e favorece a tranquilidade e a cortesía no trato. Apenas hai problemática social e o absentismo escolar é practicamente inexistente.

3. VALORES, OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN. CARÁCTER PROPIO

3.1. Proposta de educación en valores

Cremos firmemente nos valores presentes na nosa tradición, nos cales nos seguimos a apoiar para configurar a nosa proposta educativa. Todos os membros da comunidade educativa estamos chamados a adoptar unha actitude positiva ante eles, asumíndoos na nosa experiencia vital.

Esta proposta concrétase, de modo especial, nos seguintes valores: responsabilidade, creatividade, xustiza, convivencia, interioridade e transcendencia.

3.1.1 Suscita a responsabilidade

Axudamos aos alumnos e alumnas a descubrir o sentido do esforzo, do deber, a asunción do traballo como enriquecemento da propia persoa e como achega valiosa á sociedade. Invitámoslos a tomar decisións coherentes cos seus valores e crenzas, conscientes das súas obrigacións e das consecuencias que delas se derivan.

Na Obra educativa La Salle atopan oportunidades para exercer a súa responsabilidade: fidelidade á palabra dada, esixencia e rigor no traballo persoal, participación na vida escolar, cooperación a favor do bo clima na obra educativa, desenvolvemento de hábitos de orde e puntualidade.

3.1.2 Desenvolve a creatividade

Contribuímos ao crecemento persoal estimulando a capacidade de creación, de iniciativa e de mirar a realidade desde ópticas diversas que permitan ofrecer as respostas máis adecuadas.

Os alumnos e alumnas atopa oportunidades para alcanzar a súa autonomía, o desenvolvemento da orixinalidade, a intuición, o espírito innovador e o espírito crítico. Todo iso é necesario para fomentar a construción do seu proxecto persoal, o pensamento flexible e o sentido estético.

3.1.3 Estimula a convivencia

Impulsamos a aceptación mutua, a cooperación, as relacións fraternas, a sensibilidade ante as distintas realidades que nos rodean, o respecto das opinións e de toda crenza, idea, costume ou realidade persoal.

Na nosa sociedade multicultural e multirrelixiosa, damos especial importancia a aspectos tales como: o respecto á diversidade e singularidade das persoas, a valoración da diferenza como posibilidade de enriquecemento, a participación no exercicio democrático, a igualdade, a creación de lazos entre as persoas, o aprecio da propia cultura como fonte de enriquecemento persoal e grupal -nunca como causa de exclusión-. A fraternidade con- vértese no clima que envolve toda a actividade educativa.

3.1.4 Promove a xustiza

A escola lasaliana ten como meta que os mozos e mozas coñezan, interpreten e transformen o mundo, é dicir, que sexan persoas e se formen como cidadás e cidadáns responsables. Insistimos na importancia da ecoloxía e do respecto á integridade da creación, a paz, os dereitos humanos e do neno e a cooperación desinteresada para o logro do ben común.

Educар en e para a xustiza, a paz e a solidariedade supón para nós achegarmos o alumnado ás realidades concretas das persoas máis vulnerables. Desde esa proximidade, facilitamos o seu coñecemento, potenciamos a sensibilidade, o estudo e a reflexión en torno a elas. Axudamos a que se formulen as preguntas adecuadas e descubran as respostas que os leven a actuar individual e colectivamente en accións sociais. Favorecemos a adhesión a proxectos solidarios e o compromiso de toda a comunidade educativa a través das obras socio-educativas e as ONGD lasalianas.

3.1.5 Cultiva a interioridade

Estamos convencidos de que no máis fondo de cada persoa debe ser construído un proxecto de vida, onde conflúan harmonicamente as ideas, a dimensión corporal, as emocións, as crenzas, os valores e os comportamentos.

Queremos que os nosos mozos e mozas, desenvolvan as competencias de aprender a ser cada vez máis reflexivos, optar con criterios éticos e ler a realidade desde un plano máis aló do anecdótico. Pretendemos que ser capaces de integrar o silencio nas súas vidas, cultivar o compromiso e unificar a súa persoa.

Para logralo, potenciamos a autoestima, así como a capacidade de empatía, de admiración, de acougo e silencio; o desexo de autenticidade, o agradecemento, a sinceridade e a reflexión.

3.1.6 Abre á transcendencia

A escola lasaliana propón, invita e axuda a toda a comunidade educativa a descubrir a súa dimensión transcendente. Como escola cristiá posibilita vivir a experiencia crente e o compromiso cristián na Igrexa, desde o *Evanxeo* e os valores de Xesús de Nazaré descubertos en itinerarios de crecemento persoal. no seo da comunidade.

O alumnado, desde a invitación e o respecto ás opcións persoais, atopa oportunidades para escoitaren e acolleren a Palabra, facer seus os valores evanxélicos, vivir o seu propio itinerario persoal acompañado por adultos, e celebrar a súa fe e o seu compromiso.

3.2. Estilo pedagóxico

3.2.1 Coherencia e renovación

A nosa pedagogía réxese por criterios que buscan a calidade educativa, a resposta ás necesidades do alumnado, o rigor científico, o traballo cooperativo, a aprendizaxe baseada en proxectos interdisciplinares, a autonomía responsable e a sintonía cos avances tecnolóxicos e as metodoloxías didácticas máis eficaces.

Fomentamos a formación, a actualización permanente e a creatividade do profesorado para respondermos aos retos educativos con total profesionalidade, sentido de equipo e eficacia docente.

3.2.2 Educación centrada na persoa

A persoa é o centro de toda a acción educativa. Fomentamos a personalización na formación, o coñecemento de cada persoa e o acompañamento no seu proceso de aprendizaxe que conduzan ao desenvolvemento de todas as súas potencialidades.

Axudamos a cada un a ser consciente dos seus esforzos, éxitos ou dificultades na aprendizaxe; así como a que saiba apreciar e estimar as axudas e medios que se lle proporcionan. Consideramos que todo avance se apoia na esixencia persoal e no esforzo constante, orixe da súa propia estima.

3.2.3 Atención á diversidade

Optamos pola educación inclusiva. Orientamos a nosa educación cara ao desenvolvemento integral de cada persoa, respectando os seus ritmos e capacidades; atendemos á diversidade de situacións, ofrecendo a cada un oportunidades para o seu pleno desenvolvemento.

As características persoais, familiares e sociais dan orixe a situacións que implican unha atención personalizada. Para lograla, e tamén para que todos atopen persoas e lugares de acollida, ofrecemos os recursos dispoñibles: tutoría individual e grupal, servizo de orientación, programas de integración e dinámicas adecuadas para a atención á diversidade.

3.2.4 Desenvolvemento integral

A nosa proposta pedagóxica quere responder ás catro aprendizaxes básicas: aprender a coñecer, a facer, a ser e a convivir.

Ten como referencia o desenvolvemento das intelixencias múltiples e ofrece dinamismos adecuados para o desenvolvemento das competencias que faciliten a coherencia entre a aprendizaxe desenvolvida na escola e as capacidades que a sociedade demanda.

Cada persoa ten a oportunidade de desenvolver todas as súas habilidades cognitivas e de adquirir unha sólida cultura. Isto tradúcese no logro dunha crecente autonomía, na seguridade ante diversas situacións, na capacidade para enfrontarse á adversidade, no sentido ético e no desexo de aprender durante toda a vida.

3.2.5 Pedagogía innovadora: aprendizaxe cooperativa e programas La Salle

A obra educativa La Salle entende a educación como un proceso de ensino - aprendizaxe no que o alumnado é o principal protagonista da súa propia formación e crecemento persoal. Mediante a aprendizaxe cooperativa e por proxectos, xunto aos programas La Salle de estimulación e desenvolvemento de capacidades, desenvolvemos unha pedagogía innovadora, con procesos que aseguran o acompañamento, a avaliación e mellora continua destes programas.

3.2.6 Tecnoloxías da Información e da Comunicación

As obras educativas La Salle incorporan de modo constante os avances tecnolóxicos poñéndoo ao servizo da dinámica pedagóxica no proceso de ensinanza-aprendizaxe, da relación co alumnado e coas súas familias e da organización interna en favor da mellora continua da calidade

educativa. Apostamos por elas como unha dinámica clave para o desenvolvemento das competencias que demanda a sociedade.

Formamos no uso das ditas tecnoloxías desde a valoración crítica, facendo prevalecer os valores persoais, éticos e relacionais sobre o puramente técnico.

3.2.7 Ensino de idiomas e formación na comunicación

As obras educativas La Salle potencian a aprendizaxe dos idiomas, os proxectos plurilingües e desenvolven programas axeitados para iso, ofrecendo experiencias variadas. Axudan a coñecer e apreciar as distintas linguaxes, para saber expresarse e enriquecer a comunicación.

Proporcionan as claves para comprender os códigos e símbolos que usan as diferentes culturas, para valorar e interpretar as súas mensaxes e comprometerse no seu desenvolvemento. As nosas respostas, creativas e plurais, preparan para responder eficazmente aos cambios incesantes que se producen na sociedade.

3.2.8 Educar a conciencia crítica

A educación lasaliana axuda aos mozos e mozas a percibir o mundo circundante e os feitos que nel se producen con sentido crítico, para saber descubrir os valores e contravalores que encerra a sociedade plural. A reflexión diaria da mañá e a titoría son tradicións lasalianas e unha forma de manter o alumnado atento á realidade da vida e aos seus diversos significados.

3.2.9 Educar para o lecer e o emprego do tempo libre

Entendemos a actividade educativa como “escola a tempo completo”. Non se limita nin ao tempo nin ao espazo escolar; realízase en cooperación con outras institucións.

Por iso, potenciamos o uso formativo dos medios de comunicación, a educación para o tempo libre, a práctica do deporte, a organización de grupos e asociacións, o voluntariado. Damos canle ás posibilidades de entretemento, de compromiso social e de vivencia espiritual.

3.2.10 Avaliación da proposta educativa

Na obra educativa La Salle a avaliación ocupa un lugar importante como medio de diálogo, de comprensión, revisión e mellora da práctica educativa para responder mellor ás necesidades actuais.

Promovemos unha reflexión permanente sobre a nosa proposta educativa. Mediante esta avaliación, recollemos a información precisa sobre a dinámica da obra educativa, os procesos desenvolvidos, os resultados e sobre outros aspectos educativos.

Desenvolvemos unha avaliación institucional sistemática para garantir a fidelidade da obra educativa La Salle ao carisma lasaliano.

4. CONCRECIÓN DO CURRÍCULO

4.1 Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía

A nosa experiencia dinos que ningunha metodoloxía é eficaz para o 100% do alumnado, por iso, en La Salle é o profesorado quen, de forma colexiada (ciclos, departamentos...), escolle os métodos máis axeitados para cada caso concreto en función da información obtida nas diferentes avaliacións. Esta é a razón pola que todos os profesionais da educación debemos ter certo dominio en máis dunha metodoloxía.. A continuación, expóñense os criterios comúns e as liñas transversais ás metodoloxías dominantes no centro:

- **Profesorado apaixonado polo que fai.** Sen dúbida é a primeira e máis importante destas liñas, xa que é necesario que os docentes teñan paixón por ensinar e por aprender.
- **Coñecemento do impacto.** Non podemos mellorar o que non coñecemos e, sen dúbida, non poderemos, nin quereremos cambiar as nosas accións se descoñecemos o impacto que estas teñen. Temos que preguntarnos como sabemos se o que facemos funciona, cal é a magnitude do efecto, e que evidencias temos para comprobar que é certo. Para iso, é fundamental que os obxectivos e as intencións sexan explícitas.
- **Alumnado activo.** Facilitaremos que o alumnado teña a capacidade, as ferramentas e a información necesarias para seren conscientes sobre o que aprenden, como o aprenden, e que teñen que facer para aprender mellor.
- **Retroalimentación efectiva.** Unha boa retroalimentación ten que guiar á acción, dicirnos claramente cara onde imos, se estamos chegando alí e a onde temos que dirixirnos despois. O profesor ten que comunicar o que os alumnos e alumnas fixeron ben, corrixir e dirixir, resaltando os pasos do proceso e adestrando aos alumnos para avaliaren os seus propios esforzos.
- **Aprendizaxe cooperativa.** Os grupos de traballo (en especial os cooperativos) serán un apoio importante, especialmente despois do traballo individual. Permiten aos estudantes verbalizar o que aprenderon, afondar o seu entendemento por medio da escoita aos outros compañeiros así como desenvolveren unha comprensión común do material.

- **Sistemas e procesos aliñados.** Tenderase a que todos (equipo directivo, profesorado, pais, alumnado) compartan a mesma visión sobre o que é progreso e éxito. Consensuaranse políticas e procesos explícitos que teñan sentido e aos que todos estean aliñados.

A continuación, preséntanse os matices metodolóxicos en función da etapa educativa:

Educación infantil

Na etapa de educación infantil traballamos cunha metodoloxía activa baseada no desenvolvemento de proxectos educativos. Isto significa partirmos dun tema para construímos o coñecemento de xeito compartido, relacionando os saberes e contextualizando a información que se achega á aula.

Dita metodoloxía, fundamentada na aprendizaxe significativa, toma como punto de partida os coñecementos previos do alumnado, as súas curiosidades e o seu desexo por aprender., Estes aspectos son os que constitúen o fundamento para a programación das actividades e desenvolvemento do proxecto. Trátase dun modelo interactivo de ensinanza-aprendizaxe no cal os novos coñecementos poden vir dados tanto polo propio alumnado, materiais informativos, recursos interactivos etc., como polas visitas de especialistas, pais, nais ou mestres/as do propio centro, sempre tomando o alumnado como protagonista principal da aprendizaxe.

De forma paralela, realízase a aprendizaxe da lecto-escritura e lóxico-matemática. Ambas as dúas están sustentadas e baseadas en metodoloxías altamente interactivas e manipulativas, a través das cales se adquiren as capacidades e habilidades necesarias correspondentes á dita etapa. Malia que as aprendizaxes vanse desenvolvendo secuencialmente, cabe salientar, que sempre son susceptibles de se adaptaren ás características, ritmos e necesidades persoais do noso alumnado.

Educación primaria

A metodoloxía empregada nesta etapa educativa estará fundamentada en principios metodolóxicos básicos aplicables en todas as áreas do currículo. O obxectivo fundamental é que o alumnado aprenda dun xeito autónomo e desenvolva todas as facetas da súa personalidade a través dos traballos da aula. É unha metodoloxía activa, participativa e flexible. Ao longo de toda a etapa terase en conta a vinculación metodolóxica coa etapa anterior(educación infantil), así como tamén coa seguinte: a educación secundaria obrigatoria.

Os principios metodolóxicos que enmarcan a na nosa actividade docente pretenden:

- Atender os diferentes ritmos de aprendizaxe de cada neno ou nena.
- Promover a participación do alumnado para que achegue as súas habilidades, destrezas e intereses ao traballo cooperativo.
- Proporcionar aos nosos alumnos e alumnas estratexias que lles permitan valorar os procesos de aprendizaxe para regularlos ou modificalos.
- Propiciar oportunidades para poñer en práctica eses novos coñecementos, de modo que o alumnado poida comprobar a súa utilidade e aplicar o aprendido.
- Fomentar habilidades que permitan ao alumnado utilizar de forma autónoma as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.
- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
- Seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias.
- Achegar os materiais e os contidos ao alumnado a través da observación, experimentación, manipulación etc., dado que son procesos que facilitan a adquisición de aprendizaxes significativas.
- Facilitar un currículo estruturado ao redor de cuestións de interese para nenos e nenas. O papel do profesorado no seu desenvolvemento será o de conducir o proceso de aprendizaxe.
- Contextualizar os contidos.
- Favorecer a creatividade para potenciar a imaxinación e a intelixencia.
- Desenvolver as adaptacións curriculares para o alumnado con necesidades educativas especiais tendo en conta as súas características persoais.
- Fomentar os hábitos de lectura a través do plan lector.
- Acadar as competencias do ámbito lingüístico de modo coordinado entre as tres linguas impartidas, para isto será necesario aplicar todos os acordos do TIL (Tratamento integrado das linguas).
- Empregar todos os recursos materiais, persoais e organizativos precisos para responder axeitadamente ás necesidades concretas dos nosos alumnos e alumnas.

En xeral, todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos e alumnas sexan, gradualmente, capaces de aprender de forma autónoma.

Educación secundaria

- Favorecer o traballo en grupo do alumnado coa organización de tarefas e proxectos, previamente consensuados e planificados nas reunións dos departamentos didácticos correspondentes, para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias mediante metodoloxías activas e contextualizadas.

- Potenciar dende as materias/ámbitos o fomento da creación de hábitos de traballo en equipo e incluír este tipo de actividades nas programacións de aula. Estas metodoloxías activas apóianse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas de repaso e consolidación, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.
- Realizar actividades interdisciplinares entre o alumnado de distintos grupos e niveis coa finalidade de adquiriren e usaren coñecementos en situacións reais, que han ser as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.
- Propiciar nas aulas, laboratorios, obradoiros etc. a flexibilidade necesaria para completar o traballo colaborativo, xa que dispoñen de acceso ás TIC. Coa participación activa, a experimentación e unha aprendizaxe funcional os alumnos e alumnas van a desenvolver as distintas competencias e a aumentar a súa motivación.
- Incluír o traballo aberto (diferentes solucións) para mellorar a autonomía de aprendizaxe do alumnado.
- Mellorar o clima da aula ao ter ao alumnado interesado no traballo.
- Contextualizar os contidos.
- Favorecer a creatividade para potenciar a imaxinación e a intelixencia.
- Utilizar os mapas mentais e conceptuais e os esquemas para relacionar e conectar os contidos.
- Desenvolver as adaptacións curriculares para o alumnado con necesidades educativas especiais tendo en conta as súas características persoais.
- Fomentar os hábitos de lectura a través do plan lector.
- Acadar as competencias do ámbito lingüístico de modo coordinado entre as cinco linguas impartidas nas etapas de secundaria, para isto será de aplicación necesaria todos os acordos do TIL (Tratamento integrado das linguas).
- Maximizar o aproveitamento dos recursos tecnolóxicos que proporcionan as aulas dixitalizadas e os recursos da plataforma educativa Sallenet para o desenvolvemento da práctica docente e no nivel de bacharelato especialmente co impulso do proxecto dixital.
- Manter sempre activa, desde a CCP e os departamentos didácticos, unha reflexión compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas, con criterios comúns e consensuados para artellar as diferentes competencias cos distintos elementos do currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación), quedando estas reflectidas nas programacións didácticas. Desde o apartado “criterios xerais do centro para a elaboración das programacións” e do propio sistema de calidade, presentar un mesmo formato para cada materia/ámbito coa intención de unificar as decisións tomadas.

4.2 Adecuación dos obxectivos das etapas

Educación infantil

1. Descubrir, coñecer, controlar e representar progresivamente o propio corpo, formando unha imaxe positiva deles propios, valorando as súas capacidades e adquirindo hábitos básicos de saúde e benestar físico e emocional.
2. Observar e explorar o seu contorno inmediato investigando os feitos máis significativos.
3. Desenvolver hábitos de traballo individual, de equipo e responsabilidade na propia aprendizaxe, así como, actitudes de confianza neles propios, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
4. Descubrir e utilizar as propias posibilidades motrices, sensitivas e expresivas adecuándoas ás diversas actividades que emprende na súa vida cotiá incrementando así a súa autonomía persoal.
5. Aprender a resolver problemas e tarefas da vida cotiá aceptando as posibles frustracións con actitudes de superación fronte a dificultades que presentan, buscando axuda e colaboración de outros.
6. Desenvolver a capacidade de utilizar as diferentes formas de expresión (linguaxe oral, expresión plástica, dramática, musical e linguaxe matemática).
7. Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.
8. Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación de identidade sexual, cultural e relixiosa.
9. Desenvolver sentimentos de autoestima a través da interacción coas outras persoas dende un sentido crítico da realidade, e establecendo pautas de relación social adecuadas e positivas.
10. Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.
11. Apreciar os valores propostos no Carácter Propio dos Centros La Salle: responsabilidade, creatividade, xustiza, solidariedade e convivencia.

Educación Primaria

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

1. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
2. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo priorizando estratexias metodolóxicas de traballo cooperativo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor tendo presente o marco competencial para o seu desenvolvemento.
3. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, os grupos sociais cos que se relacionan e por extensión ao ámbito social no que se desenvolven.
4. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con necesidades específicas de apoio educativo, opción sexual, relixión, opción política, diversidade cultural e desenvolvemento comunitario.
5. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas en contextos reais de uso cotián, cun criterio claramente orientado ao desenvolvemento da competencia lingüística
6. Adquirir unha lingua estranxeira (inglés) a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás: escoitar, ler, escribir e falar.
7. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
8. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
9. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías dixitais, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran e como medio de incorporación ao desenvolvemento social actual.
10. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais, audiovisuais, musicais, expresión dramática e danza.
11. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as

diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

12. Coñecer e valorar os animais e seres vivos máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
13. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
14. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
15. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Educación Secundaria Obrigatoria

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

1. Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. Propoñer como meta a apertura á transcendencia que nace do ideario lasaliano.
2. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. Aproveitar as dinámicas HARA de interioridade como proceso de desenvolvemento persoal.
3. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
5. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das

tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación a través do emprego das ferramentas que a plataforma Sallenet nos permite.

6. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura, no gusto e na creación literaria e no estudo da literatura.
9. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
10. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
11. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
12. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
13. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito. Aproveitar as vantaxes da localización xeográfica do noso colexio dentro de Santiago de Compostela, como cidade patrimonio da humanidade.
14. Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Bacharelato

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

1. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2. Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
6. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
8. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
9. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
10. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
11. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
12. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
13. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

14. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
15. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.3 Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes

A modificación realizada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece unha nova organización de todas as etapas educativas. En desenvolvemento normativo posterior (Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria e o Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato para todo o estado, Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, Orde do 19 de abril de 2018 regula aspectos relativos á organización das materias do bacharelato, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia) configúranse os currículos de cada etapa que deben programarse para o seu ensino.

Tendo en conta o mencionado marco normativo, o Colexio debe adaptar as súas programacións docentes ás instrucións que se emiten cada ano para guiar a elaboración das mencionadas programacións. Neste momento seguimos as indicacións contidas na RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 27. Programacións didácticas

1. Os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.
2. A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento.
3. As programacións didácticas incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - 1. 1.º Temporalización.
 - 2. 2.º Grao mínimo de consecución para superar a materia.
 - 3. 3.º Procedementos e instrumentos de avaliación.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.
- h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
- i) Organización das actividades de seguimento, de recuperación e de avaliación das materias pendentes.
- j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
- k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- l) Medidas de atención á diversidade.
- m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
- n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
- i) ñ) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Na ESO e Bacharelato, ademais, realízanse os Documentos de Programación Anual. Estes posúen información académica xeral sobre todas as materias de cada un dos niveis da educación secundaria (no seu tramo obrigatorio, a ESO, e no postobrigatorio, o bacharelato). Trátase de poñer ao alcance do alumno e da súa familia, da forma máis clara posible, todas aquelas cuestións básicas que os profesores imos comentando repetidas veces na clase dende principio do curso, sobre os temas e contidos que explicamos e o seu proceso de avaliación. Así, ofrecemos en cada un destes documentos os seguintes apartados:

Descrición xeral da materia

Neste primeiro apartado os profesores indicamos cal é a finalidade básica da materia e os seus obxectivos principais, é dicir, aqueles aspectos nos que máis insistiremos ao longo do curso.

Elementos básicos de avaliación

Os profesores enumeramos aquí os elementos máis importantes que temos en conta para avaliar os progresos feitos polos alumnos no dominio dos contidos explicados e no desenvolvemento das capacidades traballadas a través deles. Estes elementos poden ser, por exemplo, exames escritos (intermedios e de avaliación) ou orais, corrección das actividades e tarefas feitas no caderno da materia (tanto na aula coma na casa), traballos encomendados (individuais e de grupo), e diversos elementos específicos a través dos que podemos apreciar o interese e esforzo constante dos alumnos nas materias.

Distribución porcentual segundo os tipos de contidos e criterios que se avalían

En cada materia e nivel, os profesores puntuamos o progreso dos alumnos na aprendizaxe de tres tipos de contidos: conceptuais (os máis “teóricos”), procedementais (os máis “prácticos”) e actitudinais (posturas persoais que permiten aos alumnos aprender convenientemente os dous contidos anteriores). Como cada materia ten os seus contidos e estratexias de traballo, é normal que tamén haxa diferenzas entre elas na distribución da nota da avaliación entre conceptos, procedementos e actitudes.

Metodoloxía e recursos empregados

Resumimos neste apartado como os profesores explicamos, en xeral, cada materia e como os alumnos deben ir traballando en cada clase. Asemade, indicamos cales son os materiais máis empregados (caderno, libro de texto ou apuntamentos, libros de lectura, material específico, audiovisual etc.).

Distribución de temas, contidos e grao mínimo de logro dos estándares

Neste apartado presentamos unha previsión dos temas que traballaremos en cada avaliación, así como a distribución de Estándares de Aprendizaxe que marca a actual lei LOMCE. Estes estándares son moi importantes xa que a lei explicita os contidos e os procedementos que os docentes deben utilizar nas diferentes materias. Son as guías de traballo para que o profesorado desenvolva a súa programación de aula.

Recuperacións e cualificación final da materia

Deseguido, detallamos algúns aspectos que, por ser comúns a todas as materias, non repetimos en cada documento de programación:

- Agás nas linguas estranxeiras (Inglés e Francés), Ed. Física e Proxecto Interdisciplinar (1.º ESO), en todas as materias haberá un exame de recuperación despois da 1ª avaliación e da 2ª avaliación, en datas próximas á entrega de notas. Farase público un calendario de exames de recuperación elaborado polo Xefe de Estudos para a realización de ditas probas.
- Se un alumno aproba a recuperación, a cualificación será de 5 ptos. Se a nota do exame de recuperación é inferior á da avaliación, prevalecerá a da avaliación. Nos dous casos, no boletín aparecerá a cualificación correspondente seguida dun (r) para indicar que é nota de recuperación.
- *Agás nas linguas estranxeiras (Inglés e Francés)*, en todas as materias a cualificación final da convocatoria ordinaria (xuño) será a media aritmética das notas das tres avaliacións feitas.
- Se un alumno ten dúas avaliacións suspensas e a cualificación dalgunha delas é 3 ou inferior a 3, suspenderá a materia, aínda que a dita nota media sexa 5 ou superior a 5.

Contribución das materias ás competencias clave

Seguindo a LOMCE, todas as materias deben contribuír á adquisición das competencias básicas dos alumnos. Neste apartado o profesorado reflexiona sobre como se traballa dende unha óptica competencial partindo de cadansúa disciplina.

Normativa relativa á copia nos exames

Neste documento introdutorio queremos tamén explicar a normativa en relación ao intento de copia de exames e traballos que manexamos no colexio:

- intento de copiar nun exame de control intermedio ou proba parcial implicará a cualificación con cero nesa proba.
- Copiar nun exame de avaliación implicará unha cualificación de cero nesa proba e o suspenso na avaliación cunha nota máxima de 4.
- Copiar nunha proba de mellora de cualificación implicará a perda do dereito a volver a presentarse nesa materia.
- A reiteración de intento de copia, mesmo en materias distintas, considerárase conduta contraria á convivencia e será tratada como alteración grave, segundo consta na

lexislación autonómica e no Regulamento de Réxime Interior do Centro.

Innovación pedagóxica: proxectos interdisciplinares

- Desde o curso pasado incorporamos o sistema de Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP) en todos os niveis de ESO e bacharelato.
- DPA de cada materia recolle información sobre a participación e a contribución á avaliación en cada un dos proxectos. Cada alumno participará cando menos, en tres proxectos ao longo do curso académico.

4.4 Tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas

Seguindo as orientacións do artigo 11 do Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o artigo 4 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o centro toma en consideración para a elaboración das programacións didácticas e de aula elementos básicos da transversalidade como son:

- Comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- O emprendemento.
- A educación cívica e constitucional.

Todos estes aspectos reflectiranse na documentación desenvolta nas diversas propostas didácticas, proxectos e innovacións de aula tendo presente que fortalecen as competencias clave a desenvolver. Para eles tomamos en consideración a orientación para o desenvolvemento do traballo competencial dada pola orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro pola que se describen as relacións entre as competencias, contidos e os criterios de avaliación en educación primaria, a educación secundaria e o bacharelato.

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemáticas e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia Dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)

- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Tómanse en consideración as últimas orientacións para o desenvolvemento da transversalidade a partir da citada orde ECD/65/2015 polo que terán un papel fundamental a adecuación á realidade do centro a través da documentación de planificación. Estamos a falar fundamentalmente dos documentos que dean conta do perfil de área e do perfil de competencia. Outras actuacións que se terán presentes desde a transversalidade serán a resolución pacífica de conflitos a todos os niveis do centro, o respecto do pluralismo político, igualdade entre homes e mulleres e o rexeitamento de calquera tipo de violencia. Temos especial interese en evitar calquera forma de comportamento e contido sexista que supoña discriminación pola orientación sexual ou identidade de xénero. Neste sentido, debemos ter en conta a potencialidade que nos ofrece o carácter propio do centro, xa que se trata dun documento que reforza especialmente os valores positivos.

4.5 Criterios xerais sobre avaliación e promoción do alumnado

Educación Infantil

No noso centro cumprírase o lexislado no Decreto 330/2009 do 4 de xuño sobre avaliación en educación infantil complementado cos acordos sobre avaliación propostos pola comisión pedagóxica e aprobado polo claustro de profesores de educación infantil.

Cando os nenos e nenas se incorporan ao centro, as titoras realizan unha avaliación inicial de cada un. A avaliación recollera os datos máis destacados e relevantes achegados polas familias na entrevista inicial e, se é o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos... que revistan interese para a vida escolar.

A avaliación, nesta etapa, é global, continua e formativa. A técnica principal para levala a cabo é a observación directa e sistemática dos nenos e nenas, avaliando o ritmo e as características deles/as, ó mesmo tempo que se identifican as aprendizaxes adquiridas nesta etapa.

A nosa referencia son os criterios de avaliación das tres áreas curriculares. Levamos a cabo unha avaliación permanente da nosa práctica, tanto de modo individual como do equipo docente de infantil. Elaboramos e enviamos trimestralmente un boletín de información ás familias cos progresos dos nenos e nenas durante dito período de tempo.

Educación primaria

No noso centro cumprírase o lexislado na Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria complementado cos acordos sobre avaliación e promoción propostos pola comisión pedagóxica e aprobados polo claustro de profesores de educación primaria que están no documento anexo correspondente.

1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.
2. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo co establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Cando un alumno ou unha alumna non promocióne, deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio
4. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
5. O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

Educación Secundaria

O noso centro cumprirá, neste apartado, a Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e, en xeral, toda a lexislación pola que a administración educativa modifique ou amplíe esta orde, concretamente cumprirá o disposto nas instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/2019, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes.

Ademais, no noso Centro establécense os seguintes criterios: Os alumnos/as cunha ou dúas materias suspensas, se non coinciden as mencionadas nas citadas instrucións, poderán obter a titulación sempre que a xunta de avaliación vote a promoción e titulación do alumno tendo en conta a súa madurez con respecto aos obxectivos de etapa educativa e para proseguir estudos posteriores. A votación do profesorado terá en conta estes criterios preferenciais á hora de considerar a madurez do alumno:

1. Que o/a alumno/a se presente aos exames extraordinarios de setembro.
2. Que, previa a realización dos exames, o alumno/a presente os traballos recomendados no documento-guía que se lle entregou en xuño e a calidade destes demostre que houbo preparación da materia.
3. Que o alumno teña demostrado durante o curso o interese en obter o aprobado. Isto definirase basicamente por:
 - a) A realización das tarefas de casa.
 - b) A presentación de traballos.
 - c) O feito de ter o caderno ao día durante o curso nas materias nas que así se esixe.
4. Que a actitude de traballo e o rendemento do alumno no resto das materias sexan positivos.

Bacharelato

O colexio cumpre o Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia nos seus artigos relativos á avaliación e aos documentos oficiais de avaliación así como a lexislación que modifique ou amplíe este Decreto e a que recolla as sentenzas dos tribunais. En concreto, cumpriremos as mencionadas instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/2019, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes. Así mesmo, cumpriremos os acordos da comisión de coordinación pedagóxica que se farán públicos tan pronto como sexa posible en cada curso académico.

4.6 Plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso

En educación infantil, de acordo coa lexislación actual, só se tomará en conta a posibilidade de repetición no alumnado con necesidades educativas especiais que acumulen un desfase relevante nas aprendizaxes previstas.

O Decreto 105/2014 do 9 de setembro polo que se establece o currículo da Educación Primaria, no artigo 13 di: “1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

No noso centro, sen prexuízo do que estableza a administración educativa, os alumnos e alumnas que se vexan obrigados a repetir terán un programa de reforzo individualizado que se elaborará entre o equipo de profesores que atende ao alumno/a e o departamento de Orientación. O dito plan estará dispoñible no departamento de Orientación, e entregárase aos profesores do novo equipo ao inicio do curso seguinte. A familia do alumno/a terá coñecemento das accións contidas neste documento e se responsabilizará dalgúns dos cambios precisos para mellorar a situación educativa do alumno/a.

Se despois da repetición, seguíse manifestando un desfase curricular de máis dun curso nalgúna materia con respecto aos seus compañeiros tomarase en consideración a necesidade de aplicar medidas extraordinarias de adaptación curricular.

No caso da ESO, os alumnos e alumnas que polo número e calidade de materias suspensas teñan que repetir, terán unha indicación no consello de orientación sobre as necesidades de reforzo de cara ao curso seguinte e se tomarán en consideración as accións de atención á diversidade que puidesen ser aconsellables no seu caso (exención, pmar...)

No bacharelato os alumnos que teñan que repetir curso seguirán un plan xeral de seguimento desde a tutoría e o departamento de Orientación.

4.7 Actividades alternativas para o alumnado que non curse Relixión

O colexio La Salle é un centro confesional católico, tal como aparece recollido no seu carácter propio. Así se presenta aos pais que queren que os seus fillos estuden aquí, e é algo perfectamente asumido por todos eles, incluso na maioría dos casos un dos principais motivos polo que escollen este centro.

Por esa razón é normal que a materia de relixión católica sexa ofrecida como opción principal, constituíndo un dos elementos básicos da formación en valores que pretende o noso modelo educativo. As familias que optan polo noso centro coñecen esta aposta clara pola materia e mesmo non entenderían que non fose así.

Por tanto, é normal que o noso alumnado opte de maneira unánime por esta materia, de maneira que todos a teñen dentro do seu currículo. Vese como algo perfectamente normal e así está asumido.

Con todo, está previsto que no caso de que algún alumno ou alumna non optara por esta materia, poida cursar a materia alternativa “Valores Éticos”

4.8 Liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación

As liñas xerais para a elaboración do plan de orientación veñen dadas na Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. do 31 de xullo.) Nesta orde defínense as funcións do departamento de orientación (ou, no caso dun centro concertado como é este, do equipo de orientación).

A concreción destas funcións no marco cronolóxico anual, tendo en conta o noso carácter propio e as accións complementarias que se propoñan desde o equipo directivo do centro e desde as comisións de coordinación pedagóxica, recóllense no plan anual do departamento de orientación. A estrutura do documento recollerá o contido do artigo 15º da mencionada orde e incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Xustificación baseada no contexto
- b) Obxectivos
- c) Planificación xeral e definición de accións prioritarias

- d) Estratexias de intervención
- e) Criterios de avaliación do plan

4.9 Liñas xerais da acción tutorial

O plan de acción tutorial é un plan de actuación que recolle, sintetiza e organiza os recursos materiais e persoais para levar adiante a acción tutorial. Tomaremos como referencia os ámbitos de actuación que veñen definidos nos nosos documentos institucionais e nos documentos legais que abordan a función tutorial.

Partiremos de cinco obxectivos xerais:

1. Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento integral das persoas, respectando as súas aptitudes, intereses e motivacións.
2. Previr as dificultades de aprendizaxe e os casos de fracaso e inadaptación escolar, ou intervir cando xa se deron, empregando recursos persoais e materiais axeitados.
3. Acompañar nos procesos de crecemento persoal e da fe, co fin de desenvolver unha identidade e un sistema de valores propios, respectuosos co entorno.
4. Potenciar a adquisición de aprendizaxes funcionais que lles permita ser membros activos e transformadores da sociedade.
5. Contribuír á convivencia e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa.

O PAT detallará as accións de tutoría, fará unha previsión trimestral das sesións e incluírá a concreción do xeito de avaliación do conxunto de accións realizadas.

4.10 Liñas xerais de atención á diversidade

O noso centro, dado o seu carácter cristián, considera a atención á diversidade e, en particular, a atención aos alumnos e alumnas máis desfavorecidos, unha parte fundamental do proxecto educativo. Axeitaremos esa atención ao Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Ademais do citado decreto, teremos en conta os protocolos publicados en educonvives.gal que, na medida do posible, adaptaremos ao noso medio concreto redactando as

medidas precisas que se aplicarán e que serán públicas para todas as persoas implicadas (alumnado, nais e pais e profesorado).

A estrutura do plan de atención á diversidade será a contemplada no Decreto 229/2011. O Plan xeral de atención á diversidade incluírá, cando menos:

1. Xustificación baseada no contexto.
2. Identificación e valoración das necesidades.
3. Determinación dos obxectivos.
4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.
7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.
8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.
9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

Dada a escaseza de medios persoais de profesorado especialista en pedagogía terapéutica, audición e linguaxe e orientación, con respecto aos centros públicos e aos concertados de menor tamaño que o noso, é especialmente necesario que sexan públicos os criterios polos que se decidirá cales alumnos terán preferencia á hora de ser atendidos. Estes criterios deben ter en conta o valor da xustiza dando maior atención horaria do profesorado especialista ao alumnado que teñen maior necesidade.

4.11 Liñas xerais do Plan de convivencia

O plan de convivencia do centro adáptase á estrutura que o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar prevé para este documento e incorpora:

1. A análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro.
2. Os obxectivos específicos do plan de convivencia derivados da análise previa.
3. Descrición das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.

4. O protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.
5. Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.
6. Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas.
7. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido neste decreto en desenvolvemento da Lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.
8. As normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.
9. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.
10. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.
11. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

Tendo en conta os valores do noso carácter propio faremos especial fincapé nas actuacións preventivas: metodoloxía, participación, mediación e usaremos no menor número de ocasións posibles as medidas punitivas. Polas características do noso centro e a tradición de coidado de clima de centro a comisión de convivencia e os distintos axentes con implicación na xestión da convivencia comúns a todos os centros estarán complementados coa existencia do cargo de Coordinador de convivencia da ESO e bacharelato. Buscarase asegurar tanto as accións inmediatas e a planificación anual como a visión a medio prazo no eido convivencial. A igualdade de dereitos e o radical respecto ás diferencias en todos os seus matices será especialmente coidado no caso da prevención das discriminacións de tipo sexista.

4.12 Liñas xerais do Proxecto lingüístico e TIL

O colexio La Salle é un centro plurilingüe acoillido á rede de centros plurilingües da Comunidade Autónoma de Galicia. Fará o posible para conseguir que, ao final da súa escolaridade, os alumnos teñan un dominio o máis alto posible dos idiomas galego, castelán e inglés e, sempre que sexa posible, do francés.

O colexio La Salle é un centro plurilingüe e participa activamente na rede de centros plurilingües de Galicia.

Como obxectivo que se vai consolidando nos últimos cursos, atendemos a necesidade crecente de acreditación do noso alumnado partindo do Marco de referencia europeo das linguas, presentando a certificación ao remate de cada etapa unha elevada porcentaxe, que consegue a titulación en lingua inglesa e tamén en lingua francesa.

O noso Equipo de normalización e dinamización lingüística e cultural (ENDL) ten como obxectivo primordial a realización de actividades tendentes a promover o uso da lingua galega no ámbito do centro educativo e do contorno no que se inscribe, contribuír a mellorar a valoración da lingua como realidade cultural de primeira orde e romper prexuízos que actúan como barreiras psicolóxicas que dificultan a súa expansión entre a comunidade educativa.

O equipo de normalización lingüística ten un proxecto que se revisa anualmente seguindo a estrutura que legalmente se determine pola administración educativa.

As materias do ámbito lingüístico temos elaborado e acordado mediante documento (TIL) os aspectos que require a realidade actual segundo as últimas investigacións, que nos levan a pensar que o aprendizaxe dunha lingua debe reverter en beneficio da aprendizaxe de todas as demais.

Partindo da nivel pragmático, o alumnado conseguirá deste xeito, optimizar o seu esforzo e obter un mellor dominio das competencias lingüísticas: LER-ESCRIBIR e ESCOITAR-FALAR

Fomentamos a competencia comunicativa por medio da priorización, no currículo lingüístico nun primeiro momento, pero extensible aos demais ámbitos e competencias, dos proxectos que trasladen a capacidade oratoria, fomentando así a reflexión persoal e a expresión das ideas propias, analizadas interiormente antes de ser emitidas.

Distribución das materias por linguas vehiculares

Educación Infantil

En lingua galega:

- Lóxico-matemática
- Plástica
- Psicomotricidade
- Programas La Salle (R N) Bits autonómicos

- Tráballanse en galego as semanas especiais celebración cultural como o Samaín, Entroido, Letras galegas e contacontos

Educación Primaria

En lingua galega:

- Educación Física
- Música
- Relixión

Materias do proxecto plurilingüe en inglés:

- Natural Sciences
- Social Sciences
- Arts and crafts

As demais materias que se imparten nas etapas de infantil e primaria tráballanse en castelán.

Educación Secundaria

Curso	Materia	Lingua	Sesións
1º ESO	Lingua Galega	Galega	4
1º ESO	Lingua Castelá	Castelá	4
1º ESO	Inglés	Inglesa	3
1º ESO	Francés	Francesa	2
1º ESO	Matemáticas	Castelá	5
1º ESO	Xeografía e Historia	Galega	3
1º ESO	Biology & Geology	Inglesa	4
1º ESO	Relixión	Castelá	1
1º ESO	Ed. Física	Galega	2
1º ESO	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	Galega	2
1º ESO	Libre configuración. Afondamento e reforzo	Galega	1
2º ESO	Lingua Galega	Galega	3
2º ESO	Lingua Castelá	Castelá	3
2º ESO	Inglés	Inglesa	3
2º ESO	Francés	Francesa	3
2º ESO	Matemáticas	Castelá	4
2º ESO	Xeografía e Historia	Galega	3
2º ESO	Física e Química	Castelá	2
2º ESO	Libre configuración	Galega	1

2º ESO	Relixión	Castelá	1
2º ESO	Educación Física	Galega	2
2º ESO	Technology	Inglesa	3
2º ESO	Músic	Inglesa	2
3º ESO	Lingua Galega	Galega	3
3º ESO	Lingua Castelá	Castelá	3
3º ESO	Inglés	Inglesa	3
3º ESO	Inglés Desdobre	Inglesa	1
3º ESO	Matemáticas Académicas	Castelá	4
3º ESO	Matemáticas Aplicadas	Castelá	4
3º ESO	BioloXía	Galega	2
3º ESO	Física e Química	Castelá	2
3º ESO	Xeografía e Historia	Galega	3
3º ESO	EPVA	Galega	2
3º ESO	Relixión	Castelá	1
3º ESO	Música	Galega	2
3º ESO	Technology	Inglesa	2
3º ESO	Physical Education	Inglesa	2
3º ESO	Francés	Francesa	2
3º ESO	Cultura Clásica	Castelá	2
4º ESO	Lingua Galega	Galega	3
4º ESO	Lingua Castelá	Castelá	3
4º ESO	Inglés	Inglesa	3
4º ESO	Inglés desdobre	Inglesa	1
4º ESO	Matemáticas Aplicadas	Castelá	4
4º ESO	Matemáticas Académicas	Castelá	4
4º ESO	BioloXía e XeoloXía	Galega	3
4º ESO	Xeografía e Historia	Inglesa	3
4º ESO	Física e Química	Castelá	3
4º ESO	Relixión	Castelá	1
4º ESO	Physical Education	Inglesa	2
4º ESO	Francés	Francesa	3
4º ESO	TecnoloXía	Castelá	3
4º ESO	Economía	Galega	3
4º ESO	Latín	Castelá	3
4º ESO	Filosofía	Galega	3
4º ESO	TIC	Castelá	3

Materias do proxecto plurilíngüe en Inglés

- 1.º: Biology
- 2.º: Technology e Music
- 3.º: Technology e Physical Ed.
- 4.º: History e Physical Ed.

Bacharelato

En lingua galega, 1º bacharelato:

- Antropoloxía
- Bioloxía
- Cultura científica
- Debuxo artístico
- Debuxo técnico
- Economía
- Filosofía
- Historia

En lingua galega, 2º bacharelato:

- Debuxo artístico II
- Historia da arte
- Historia da Filosofía
- Historia
- Psicoloxía
- Xeografía
- Bioloxía
- Química
- Xeoloxía
- Tecnoloxía II

As demais materias de bacharelato impártense en lingua castelá ou no idioma estranxeiro que corresponde.

4.13 Liñas xerais do Plan de integración das TIC

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, coñecida como LOMCE, vén modificar nalgúns aspectos a anterior LOE. Non introduce cambios no que á competencia dixital do alumnado se refire e si que, por primeira vez, se alude de forma superficial na normativa educativa á competencia dixital docente.

Unha das grandes propostas da LOMCE é intensificar o uso das TIC e para isto propónse:

- A extensión do concepto de aula no tempo e no espazo: contornas virtuais de aprendizaxe.
- A utilización compartida das plataformas dixitais e tecnolóxicas do Ministerio por administracións educativas, centros docentes, profesorado e alumnado.
- A selección de recursos dixitais de calidade, e recoñecemento das achegas da comunidade educativa que cumpran certos requisitos de calidade.
- O establecemento de estándares de interoperatividade.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia comparten a mesma redacción en canto ao proxecto de educación dixital dos centros se refire. Desta forma, tanto o artigo 19, no caso do decreto de primaria, como o artigo 39, no caso do decreto de secundaria expoñen que:

1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das TIC na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.
3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.
4. Os centros docentes que desenvolvan o currículo completo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería competente en materia educativa, segundo o procedemento que se estableza.

É acertado vincular a metodoloxía docente mediada polas TIC coa calidade do ensino. Actualmente esta vinculación demóstrase a través da boa vontade do profesorado que, con autoformación, coñecemento, motivación e preocupación polo ensino, está ofrecendo actuacións innovadoras con excelentes resultados, independentemente do que a cambiante normativa estableza para os documentos do centro.

Por outro lado está a aprendizaxe por competencias no que as TIC xogan un papel fundamental nunha delas: o tratamento da información e competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse. A competencia dixital está asociada coa procura, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á cal se acuda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia). Require o dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora) e das súas pautas de decodificación e de transferencia, así como aplicar en distintas situacións e contextos o coñecemento dos diferentes tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización, así como as linguaxes e soportes máis frecuentes en que esta adoita expresarse.

Dispoñer de información non produce de forma automática coñecemento. Transformar a información en coñecemento esixe de destrezas de razoamento para organizala, relacionala, analizala, sintetizala e facer inferencias e deducións de distinto nivel de complexidade; en definitiva, comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento. Significa, así mesmo, comunicar a información e os coñecementos adquiridos empregando recursos expresivos que incorporen, non só diferentes linguaxes e técnicas específicas, senón tamén as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e de coñecemento. Utilízanse na súa función xeradora ao empregalas, por exemplo, como ferramenta no uso de modelos de procesos matemáticos, físicos, sociais, económicos ou artísticos. Así mesmo, esta competencia permite procesar e xestionar adecuadamente información abundante e complexa, resolver problemas reais, tomar decisións, traballar en contornos colaborativos ampliando os contornos de comunicación para participar en comunidades de aprendizaxe formais e informais, e xerar producións responsables e creativas.

A competencia dixital inclúe utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación extraendo o seu máximo rendemento a partir da comprensión da natureza e modo de operar dos sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e sociolaboral. Así mesmo, supón manexar estratexias para identificar e resolver os problemas habituais de *software* e de *hardware* que vaian xurdindo. Igualmente, permite aproveitar a información que proporcionan e analízala de forma crítica mediante o traballo persoal autónomo e o traballo colaborativo, tanto na súa vertente sincrónica como diacrónica, coñecendo e relacionándose con contornos físicos e sociais cada vez máis amplos. Ademais de utilizalas como ferramenta para organizar a información, procesala e orientala para conseguir obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e lecer previamente establecidos.

En definitiva, a competencia dixital comporta facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente. Ao mesmo tempo, posibilita avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

En síntese, o tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando for necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

O colexio La Salle integra as tecnoloxías da información en todas as súas etapas e para iso conta cos recursos necesarios tanto técnicos e materiais como persoais. É clave a formación do profesorado e a instalación da rede que dá soporte a todos os procesos informáticos que se desenvolven no día a día, tanto na relación interna do ensino-aprendizaxe, como nas relacións coas familias e coa comunidade educativa en global.

Na etapa de infantil as novas tecnoloxías están completamente integradas no proceso de ensinanza-aprendizaxe, constituíndose como unha ferramenta de traballo diario na aula.

En primaria participan no programa “ABALAR” da Xunta de Galicia levando a cabo todos e cada un dos obxectivos de mesmo.

En secundaria gozamos do espazo virtual de *sallenet*, que nos permite un contorno de aprendizaxe áxil, fluído e adaptado aos tempos, con recursos, probas e cursos integrados na plataforma educativa da institución.

En bacharelato está inmerso un proxecto dixital *one to one* onde todo o alumnado dispón dunha tableta que executa licencias dixitais pero sobre todo, materiais elaborados polos departamentos dentro da súa aula virtual *moodle*. A aposta polas tecnoloxías é un elemento máis do cambio metodolóxico cara ás competencias. Pensamos que as TIC poden axudar a crear un modelo educativo centrado no ensino cara a un modelo centrado na aprendizaxe. O alumnado aprenderá a procesar a información con ferramentas interactivas e colaborativas sacando o maior partido posible dos tempos de clase.

OBXECTIVOS XERAIS

1. Obxectivos xerais do centro en relación ás TIC

- Potenciar o emprego da informática como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe, utilizándoa de forma activa por parte do alumnado e profesorado.
- Impulsar a comunicación con outros centros e con outras localidades a través de Internet, a fin de coñecer e transmitir valores sociais e de respecto a outras formas de vida e costumes.
- Usar o encerado interactivo como elemento fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe
- Consolidar o uso da plataforma educativa do centro e de toda a institución para toda a comunidade educativa.

2. Obxectivos para os alumnos

- Utilizar programas e contornos que faciliten a aprendizaxe e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos.
- Elaborar un plan vertical de formación das TIC dende a educación primaria.
- Potenciar a comunicación con outros compañeiros e compañeiras do seu contorno ou de fóra do seu contorno próximo.
- Espertar o interese e dar as pautas para acceder á información de forma precisa e crítica, potenciando o razoamento e o afán de coñecemento.
- Utilizar o ordenador e o taboleiro interactivo como medio de creación, de integración, de fomento de valores sociais e de expresión das ideas de cada un.
- Aprender a utilizar a tecnoloxía de forma ética (programa desenvolvido na normativa de uso de bacharelato)

3. Obxectivos para o profesorado

- Favorecer a utilización das TIC por parte do profesorado nas súas tarefas xerais do Centro: programacións, memorias, plans, actividades, exames, fichas..., como medio para perfeccionar a actividade docente e para impulsar a innovación metodolóxica.
- Saber consultar información a través do ordenador, tanto de temas profesionais: concursos, cursos de formación, convocatorias...como de temas interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, e/ou participar en faladoiros, debates, chats, a través de Internet.
- Favorecer os foros e o intercambio, a participación na creación e evolución de páxinas Web, ou páxinas de información e debate do Centro, da Comunidade Educativa, para dar a coñecer as nosas inquietudes, ideas e alternativas.

4. Obxectivos da Comunidade Educativa

- Potenciar a comunicación coa Comunidade Educativa e o contorno en xeral a través do Xestor Educativo e da páxina Web e/ou correo electrónico.
- Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa: páxina Web, Xornadas, Semanas especiais, foros e debates a través de Internet, enquisas...

4.14 Liñas xerais do Proxecto lector do centro

O noso proxecto lector segue, na súa estrutura, o guiión básico suxerido pola administración, diferenciando as accións por etapas e concretando as axudas que van proporcionar as distintas áreas ou materias e os recursos xerais do centro, que se porán á disposición deste proxecto. Trátase dun proxecto realista, operativo, abarcable, obra de todo o equipo docente, flexible e vivo. O proxecto traballa os seguintes aspectos:

1. Análise da situación da lectura e da escritura no centro

- Prácticas lectoras e escritoras do alumnado.
- Identificación de logros e dificultades.
- Análise das metodoloxías empregadas
- Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos
- Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.

2. Obxectivos-fundamentos-organización:

- Formación de lectores competentes.
- Creación e consolidación de hábitos de lectura.
- Análise do proceso lector e das características dos lectores competentes na sociedade da información.
- Lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.
- Concreción das metodoloxías máis axeitadas.
- Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.
- A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social, xunto aos recursos culturais do contorno (bibliotecas e outros)
- Coordinación do proxecto a través da participación de todo o profesorado.
- Modo de difusión e apoios necesarios

3. Intervencións:

- Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas
- Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas
- Actividades de educación documental e integración das TIC
- Implicación das familias e do contorno

4. Criterios e procedementos de avaliación

Tómase como referente o marco de avaliación de PISA, que agrupa os diferentes aspectos da competencia lectora en tres grandes apartados:

- a) Acceder á información e obtela
- b) Integrar as ideas en significados globais e poñelas en relación
- c) Reflexionar sobre o contido e mais a forma do texto e analízalo

Como vemos, os aspectos a e b refírense basicamente ao procesamento da información dos textos, polo que non é preciso recorrer a coñecementos ou informacións externos a eles; pola contra, o aspecto c require do emprego de coñecementos e de valores externos ao texto (que ou ben poden posuír os lectores ou ben proceder doutras fontes). Daquela, a adquisición da competencia lectora nos alumnos e alumnas require acceder á información e integrala para, posteriormente, analízala e reflexionar sobre ela.



**PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO
COLEXIO LA SALLE**

Novembro de 2018

*Aprobado polo Director do Centro o 26 de novembro de 2018.
Notificación ao Consello Escolar o 12 de decembro de 2018*